

Este venres, único pase en Compostela de ‘Último verán en Santa Cristina’ de Teatro do Noroeste

A obra poderase ver no Teatro Principal este venres, 17 de marzo, ás 20.30 horas

‘Último verán en Santa Cristina’ é un texto asinado polo dramaturgo Eduardo Alonso, ambientado nos anos 60, que trata das sensibles e conmovedoras lembranzas dun neno que vive a súa infancia na España franquista

A veterana compañía de teatro regresa á Compostela cunha proposta protagonizada por Xavier Estévez, Luma Gómez, Miguel Pernas, Maxo Barjas e Manuela Varela

As entradas están dispoñibles na web www.compostelacultura.gal e, o mesmo día da función, na billeteira do teatro



Xavier Estévez e Manuela Varela nunha escena de *Último verán en Santa Cristina*

Santiago de Compostela, 14 de marzo do 2023.- Aínda quedan entradas para o único pase de *Último verán en Santa Cristina* que a compañía galego Teatro do Noroeste brindará este venres, 17 de marzo, no Teatro Principal de Santiago de Compostela ás 20.30 horas. Esta peza de teatro político, firmada polo dramaturgo Eduardo Alonso e con pinceladas autobiográficas, está ambientada nos anos 60 e trata das sensibles e conmovedoras lembranzas dun neno que vive a súa infancia na España franquista.

No texto, un rapaz de 12 anos realiza o tránsito da adolescencia á madurez, descubriendo a natureza da vida e da morte, a esencia do amor e do sexo e, sobre todo, un terrible segredo que oculta a súa familia

de militares franquistas. Teatro do Noroeste regresa deste xeito á cidade compostelá cunha proposta protagonizada por Xavier Estévez, Luma Gómez, Miguel Pernas, Maxo Barjas e Manuela Varela.

As entradas para gozar do espectáculo están dispoñibles a través da plataforma en liña www.compostelacultura.gal e, os días de función, na billeteira do propio teatro.

SOBRE O ESPECTÁCULO

Último verán en Santa Cristina conta o acaecido a un rapaz de 12 anos que, no ano 1960, pasa o seu último verán nunha praia preto da cidade na que vive. Moitos anos despois, cando xa é un home adulto, recibe unhas cartas supostamente propiedade da súa nai xa morta e durante a súa lectura rememora o acontecido daquela.

Como é fillo de militar, o rapaz vive con intensidade os acontecementos da sociedade franquista da época, como os desfiles na praza da cidade que coinciden coa estadia de Franco no Pazo de Meirás, a poucos quilómetros de onde el veranea. Entre os seus propios recordos, moi escorados nas lembranzas relacionadas co seu paso de neno a adulto, e as cartas agora recibidas, vai descubrindo a relación da súa nai, a muller do militar, cun antigo amigo da mocidade, fuxido e enrolado na última partida de guerrilleiros antifranquistas que aínda fica activa en Galicia en 1960.

Máis de trinta anos despois, e xa convertido nun adulto, o protagonista vai descubrindo, a través da lectura das cartas e das lembranzas non moi precisas que aínda conserva daquela época, as relacións triangulares da súa nai, do seu pai e do partiano, que inevitablemente acabarán en traxedia.

SOBRE A COMPAÑÍA

Teatro do Noroeste é unha compañía de teatro galega fundada en 1987. Na súa dilatada traxectoria leva producido e distribuído unha gran cantidade de espectáculos. Entre estas pezas atópanse textos clásicos, como *Rei Lear*, *Macbeth* ou *Noite de Reis*, de William Shakespeare, ou *As vodas de Fígaro*, de Caron de Beaumarchais; textos máis contemporáneos, como *Os Xustos*, de Albert Camús; de autores galegos, como *Historias peregrinas* e *A grande noite de Fiz*, de Miguel Anxo Murado, e *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro, ou o musical *Imperial: Café cantante. Vigo 1936*, de Eduardo Alonso, entre outros.

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Bea Pérez e Luisa Castiñeira

Tel. 604 070 409 - 620 113 155

Mail: bea@theofficeco.es - luisa@theofficeco.es

DESCARGA DO PRESS KIT DO ESPECTÁCULO ÚLTIMO VERÁN EN SANTA CRISTINA

(dossier, nota de prensa, fotos, vídeos, audio e cartel)

<https://cutt.ly/VeranSantaCristina>

MÁIS INFORMACIÓN

https://www.teatrodonoeste.com/obra_g.php?idObra=66

VENDA DE ENTRADAS

<https://www.compostelacultura.gal/espectaculos/evento/%C3%BAltimo-ver%C3%A1n-en-santa-cristina>